

O DESCUBRIMENTO DO OSÍXENO NA HISTORIA

**BERMEJO PATIÑO, MANOLO; GONZÁLEZ NOYA, ANA M.;
FERNÁNDEZ FARIÑA, SANDRA; VELO HELENO, M. ISABEL**

*Departamento de Química Inorgánica, Universidade de
Santiago de Compostela*

1. Introducción

O pasado ano 2019, no que celebramos o “*Año Internacional da Táboa Periódica*”, o noso colectivo ENCIGA e o grupo de investigación educativa *CienciaNosa*, convocaron un premio científico de vídeos co título “*O Meu Elemento*”, para lograr a participación do alumnado dos diversos niveis educativos. Ningunha das persoas que participaron neste premio escolleu como elemento do seu interese o *osíxeno*. Como podemos interpretar este resultado? Ninguén o considerou do seu interese? Todas e todos o crían tan transcendente que,... mellor escoller outro? Significa para o noso alumnado que o *osíxeno* é **a vida** mentres que os outros elementos son **para a vida**?

Cando se lle pregunta ao alumnado dunha facultade de química sobre que elemento químico consideran máis transcendente, cal é a súa resposta? A resposta dada a un de nós foi, maioritariamente, o *osíxeno*.

Se se fixera esta pregunta nun dos nosos congresos de ENCIGA ao persoal asistente, seguro que a resposta sería tamén o *osíxeno*.

Situada a transcendencia do elemento químico *Osíxeno* na historia, quen foi o seu descubridor ou descubridores? Podemos hoxe ditaminar quen foi o seu descubridor? Foron os Lavoisier os seus descubridores? Que papel xogaron os Lavoisier na historia deste transcendental descubrimento? Por que están eles na historia da química como os seus descubridores, e nos esquecemos dos restantes e, tal vez, auténticos descubridores?

Cómpre lembrar que o éxito da denominación do *osíxeno* por Lavoisier para o elemento con $Z=8$ foi tal, que aínda hoxe se segue a chamar así. E, tal vez, sexa por este feito que para unha gran maioría das persoas que cultivan e practican a química, Antoine Lavoisier pasa por ser o descubridor deste elemento: novo erro da historia da química sobre o que deberemos volver máis adiante no desenvolvemento desta comunicación.

O obxectivo desta comunicación é moi amplo. Vai dende a lembranza da historia do descubrimento dun elemento químico transcendental, o O_2 , ata aspectos filosóficos tales como que se entende por descubrir algo en ciencia, como aparece a intolerancia na ciencia, como ten lugar o acto de apropiación de coñecementos na ciencia, etc.; pasando polos aspectos didácticos derivados do coñecemento da historia das nosas disciplinas científicas, ou da creación e do desenvolvemento das ciencias na Ilustración, da creación do método científico, como ten lugar o desenvolvemento da experimentación; etc.

Nesta comunicación, no noso afán por **Instruír, Ensinar e Educar**, pretendemos presentar un feito de relevancia histórica, "*O descubrimento do Osíxeno na historia*", para tentar coñecer mellor como actuaba a ciencia na Ilustración e, tamén, tratar de comprender mellor que papel xogaron os Lavoisier non só no descubrimento deste elemento, senón tamén no desenvolvemento da química.

2. Referencias

- Bermejo, M. R. (2013). "*As mulleres Científicas: esas descoñecidas da historia*" en "Reflexións e Testemuñas. As mulleres nas artes e nas ciencias". Universidade da Coruña.
- Hoffman, R. (2008). "*More about Mme. Lavoisier than M. Lavoisier*". Contributions to Science, 4, 111.
- Holmes, F. (1986). "*Lavoisier and the Chemistry of life*". Madison Wis. University of Wisconsin Press.
- González Noya, A., Pintos Barral, X., Bermejo, M. R. (2019). "*Marie Anne e a Táboa Periódica*". En XXXII Congreso de ENCIGA (Viveiro), nº 88, páx. 85.
- Kawashima, K. (2004). "*Marie Anne Lavoisier (1758-1836): une vie, deux révolutions, la révolution chimique et la Révolution française*". Kagakushi journal, Diario da Sociedade Xaponesa da Hª da Química, vol 31.
- Lavoisier, A. L. (2009). "*Tratado Elemental de Química*" Prólogo, Manuel R. Bermejo; tradución, Sergio Casas Fernández y Mª Victoria Castaño Palazón. Madrid: Fundación BBVA; Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de publicacións e Intercambio Científico, D.L. 2009. ISBN 978-84-9887-131-9.
- Severinghaus, J. W. (2002). "Priestley, the furious free thinker of the enlightenment, and Scheele, the taciturn apothecary of Upsala". Acta Anaesthesiol Scan., 46, 2-9.
- VV. AA. (2019). "*Boletín das Ciencias*", nº 87. Dedicado á Táboa Periódica na celebración dos seus 150 anos.